



O eucalipto en Galicia

A tradición popular atribúe a Fr. Rosendo Salvado a introdución do Eucalipto en Galicia. Hai niso un certo fundamento pero moi escasos datos contrastados; desde logo tamén una certa connotación negativa unida ao actual monocultivo desta árbore.

Os datos fiables son que o monxe australiano ben puido servir de instrumento á hora de traer a España (e a Galicia) sementes desta árbore, tanto personalmente con motivo das súas viaxes como a través do correo, pois o envío de espécimes exóticos era algo común e estaban destinadas polo xeral a servir como plantas ornamentais en xardíns.

Por outra banda, unha carta que enviou ao seu sobriño Victoriano en 1886 confirma que Salvado mandou a Galicia, efectivamente, cando menos unha quenda de sementes; pertencían á variedade coñecida entón como *Jarrah* e hoxe como *Eucalyptus Marginata*, que era a máis común na zona onde vivía o monxe. Se el trouxo sementes na súa primeira viaxe é algo que hoxe non pode confirmarse aínda que si parece evidente que, en todo caso, pertencerían á variedade *Marginata* e non á *Globulus* que é a que hoxe predomina.

Os datos históricos parecen apuntar a diversas formas de implantación que teñen a súa razón de ser na consideración que esta árbore tiña naquel tempo.

A plantación de eucaliptos é fenómeno bastante común na Europa temperada da segunda metade do XIX. Os europeos os coñeceron da man dunha das expedicións mandadas por James Cook polos mares austrais. Foron os seus botánicos os primeiros que tomaron mostras (en Tasmania) e comezaron o estudo desta árbore. As mostras levadas ao Museo Británico foron estudadas polo botánico francés Charles-Luis L'Heritier, que lles deu nome.

A mediados do século XIX, os eucaliptos eran unha árbore bastante coñecida en Europa e as súas cualidades e utilidades eran loadas con frecuencia tanto na prensa xeral como en círculos especializados.

Hai en Australia máis 500 especies, algunha delas practicamente ignífuga, e case todas son produtoras dunha madeira que aínda que non fose da mellor calidade si tiña unha morea de aplicacións xerais. Isto era algo importante para as economías daquel tempo, inmersas estaban nunha crecente industrialización e na comercialización a gran





escala dos seus produtos. A madeira era necesaria para construír, para completar ferramentas, embalaxes, mobles... O mellor de todo, desde esta perspectiva, é que é unha árbore de rápido crecemento e cun poder de adaptación dificilmente igualable. Había eucaliptos para case todos os usos e non era complicado plantalo en terras xenerosas en auga e exentas de grandes xeadas.

Os aceites esenciais de eucalipto, as infusións e inhalacións feitas a partir das súas follas e landras resultaron ter importantes propiedades curativas, especialmente nas afeccións bronquiais e de gorxa. Máis aló do seu aspecto ornamental, esta foi e segue sendo unha das razóns do seu cultivo en xardíns.

En Galicia, máis aló das imprecisas noticias sobre a súa chegada da man de Salvado, o certo é que outros datos indican que se implantou pronto. Cara a 1880 a prensa galega facíase eco das súas bondades e infinitas utilidades, da aptitude dos nosos chans e clima para o seu cultivo. Daquela vendíanse xa sementes e plantóns nalgúns negocios como Rey Hermanos de Santiago; tamén había viveiros como o de José González na Gándara de Oleiros, A Pobra do Caramiñal que o despachaba en grandes lotes. Este viveiro e plantación é unha das máis antigas de Galicia.

En 1892, os eucaliptos que Montero Ríos plantara na súa leira de Lourizán tiñan o empaque suficiente como para conformar o que a prensa da época describe como a *Carrera de los Eucaliptos*, é dicir, un paseo enmarcado por estes frondosos árbores. Na finca había diversas avenidas ou paseos conformados por árbores exóticas (camelias, araucarias...) como era habitual nos xardíns señoriais galegos.

Este uso ornamental foi sen dúbida o máis común en Galicia ata que, sobre todo trala Guerra Civil, leváronse a cabo as repoboacións forestais con destino á industria madeireira e, moi especialmente, papeleira. Desas plantacións quedan aínda hoxe algúns exemplares, robustos e moi frondosos, que están protexidos e están incluídos no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia, como os eucaliptos da Ferradura de Santiago, os do Pazo de Mariñán ou os do de Castrelos.

Mención separada neste contexto merece o Monumento Natural do Souto da Retorta, tamén coñecido como o Eucaliptal de Chavín (preto de Viveiro); alí están algúns dos exemplares con maior envergadura de Europa, como o chamado *o avó* que ten máis de 10 metros de perímetro na súa base e de 60 de altura. Este espazo hoxe protexido é o caso máis antigo que se coñece en Galicia de plantación sistemática, xa que comezou a plantarse en 1880 pero non era unha explotación forestal xa que os eucaliptos tiñan como misión suxeitar o terreo da ribeira do río Landro.